

**RESUMO do Programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19**

EAPN Galicia. Revisado 06.08.2020 (cambios sobre versión anterior en vermello)

<p><b>Obxecto</b></p>	<p>Axudas económicas para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia en establecementos que se dediquen ao comercio ao por menor destes produtos mediante tarxeta-moedeiro.</p> <p>Preguntas resoltas</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>En que establecementos poden adquirirse os produtos?</i> Naqueles cualificados pola CNAE de dedicación a alimentación, hixiene e farmacia. Por exemplo: mercado de proximidade e grandes establecementos.</li> <li>• <b>Pódense adquirir produtos de ortopedia ou óptica?</b> E posible se o establecemento é unha farmacia, e polo tanto ten asignado como código CNAE o correspondente á farmacia (isto é o determinante).</li> <li>• <i>A Tarxeta Básica é unha medida transitoria ou permanente?</i> Si acada bos resultados podería consolidarse e chegar para quedarse.</li> </ul>
<p><b>Persoas beneficiarias e requisitos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Persoas e familias residentes en Galicia que se atopan en situación de vulnerabilidade económica por carecer de ingresos efectivos ou porque os ingresos da unidade de convivencia non acadan o importe que lle correspondería en concepto de tramo persoal e familiar de RISGA, de acordo coas contías establecidas para o ingreso mínimo e os complementos familiares (artigo 21 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).             <ul style="list-style-type: none"> <li>– <i>Residencia.</i> Non será preciso a acreditación de residencia legal nin período mínimo de residencia algún. Será, por tanto, suficiente con que haxa unha residencia efectiva en Galicia con constancia polos profesionais de referencia mediante sinatura no formulario de solicitude.</li> </ul> </li> <li>2. Persoas e familias non perceptoras de prestacións económicas regulares de periodicidade mensual (RISGA, PNC, IMV, RAI, prestacións por desemprego...).</li> </ol> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>As persoas que comparten pisos ou estean empadroadas nunha vivenda con máis persoas que non sexan da súa mesma unidade familiar, contabilízanse como membro único?</i> Seguirase o mesmo criterio que para a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), de acordo co previsto no artigo 11 da Lei10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.</li> <li>• <i>As persoas que non poden empadroarse no domicilio onde residen, como xestionan a solicitude cando se fai directamente por Cruz Vermella?</i> Se a profesional de referencia considera que a persoa reside efectivamente en Galicia, aínda sen empadramento, pode prescribir a tarxeta. Se acoden directamente a Cruz Vermella é máis complicado acreditarlo sen padrón (ver mais adiante posibilidade Declaración Responsable da profesional de entidade de iniciativa social)</li> </ul>
<p><b>Contía</b></p>	<p>As tarxetas-moedeiro cárganse, con periodicidade mensual durante os tres meses seguintes á entrega e con distintos importes de axuda económica en función do número de persoas integrantes da unidade familiar:</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 1 persoa: 150€/mes (450€ en total)</li> <li>- 2 persoas: 200€/mes (600€ en total)</li> <li>- 3 ou máis persoas: 300€/mes (900€ en total)</li> </ul>		
<b>Compatibilidades</b>	<p>A axuda é compatible con outras axudas, sempre respectando o límite antes indicado, e de acordo co criterio profesional do traballador ou traballadora social de referencia da persoa.</p> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>A Tarxeta Básica é compatible coa RISGA parcial ou coa Pensión Non Contributiva (PNC) básica?</i> Si, son compatibles sempre que a totalidade de ingresos efectivos da unidade familiar non acade os limiares da RISGA. No caso da PNC habería que ter en conta o prorrateo das pagas extraordinarias.</li> <li>• <i>Unha persoa pode solicitar a Tarxeta Básica se xa ten solicitada a RISGA sen percibir o primeiro cobro?</i> Se non se recibiu a RISGA si podería solicitarse. No momento de chegar o primeiro cobro da RISGA, incluso si se recibe con atrasos pendentes, a persoa non tería que devolver os cartos.</li> <li>• <i>Se cobro una pensión non contributiva e solicito a Tarxeta Básica, debo comunicalo?</i> Non, pois é un ingreso de carácter finalista.</li> <li>• <i>Se unha persoa vive cunha familia que cobra a prestación por fillo/a a cargo por persoa con discapacidade, a persoa con discapacidade podería solicitar a Tarxeta Básica?</i> O que conta é o total dos ingresos efectivos da unidade, sexa cal sexa a súa natureza.</li> </ul>		
<b>Tramitación</b>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 20%;"><b>Solicitudes</b></td> <td> <p>Con carácter xeral as axudas serán tramitadas polos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios municipais</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desde a Historia Social Única Electrónica (HSUE) sen necesidade de solicitar a sinatura da persoa solicitante, pois será requirida por Cruz Vermella.</li> <li>2. A Cruz Vermella tamén poderá, de xeito subsidiario e complementario, tramitar estas axudas para aquelas persoas que non estean rexistradas en HSUE e non fosen dadas de alta no dito sistema de información polos servizos sociais comunitarios municipais.</li> </ol> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Ata cando poderá solicitarse esta axuda?</i> Para o que queda de 2020 ou ate esgotamento das tarxetas (están previstas de outorgarse 30.000). Con todo, o acordo inicial abre unha porta á prórroga.</li> <li>• <i>Cal é o criterio de concesión desta axuda?</i> Concederase segundo a prescrición facultativa do profesional de referencia dos servizos sociais municipais.</li> <li>• <i>En que situacións pode solicitarse a Tarxeta directamente en Cruz Vermella, sen antes acudir a Servizos Sociais municipais? Como sería o proceso?</i></li> </ul> </td> </tr> </table>	<b>Solicitudes</b>	<p>Con carácter xeral as axudas serán tramitadas polos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios municipais</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desde a Historia Social Única Electrónica (HSUE) sen necesidade de solicitar a sinatura da persoa solicitante, pois será requirida por Cruz Vermella.</li> <li>2. A Cruz Vermella tamén poderá, de xeito subsidiario e complementario, tramitar estas axudas para aquelas persoas que non estean rexistradas en HSUE e non fosen dadas de alta no dito sistema de información polos servizos sociais comunitarios municipais.</li> </ol> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Ata cando poderá solicitarse esta axuda?</i> Para o que queda de 2020 ou ate esgotamento das tarxetas (están previstas de outorgarse 30.000). Con todo, o acordo inicial abre unha porta á prórroga.</li> <li>• <i>Cal é o criterio de concesión desta axuda?</i> Concederase segundo a prescrición facultativa do profesional de referencia dos servizos sociais municipais.</li> <li>• <i>En que situacións pode solicitarse a Tarxeta directamente en Cruz Vermella, sen antes acudir a Servizos Sociais municipais? Como sería o proceso?</i></li> </ul>
<b>Solicitudes</b>	<p>Con carácter xeral as axudas serán tramitadas polos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios municipais</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desde a Historia Social Única Electrónica (HSUE) sen necesidade de solicitar a sinatura da persoa solicitante, pois será requirida por Cruz Vermella.</li> <li>2. A Cruz Vermella tamén poderá, de xeito subsidiario e complementario, tramitar estas axudas para aquelas persoas que non estean rexistradas en HSUE e non fosen dadas de alta no dito sistema de información polos servizos sociais comunitarios municipais.</li> </ol> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Ata cando poderá solicitarse esta axuda?</i> Para o que queda de 2020 ou ate esgotamento das tarxetas (están previstas de outorgarse 30.000). Con todo, o acordo inicial abre unha porta á prórroga.</li> <li>• <i>Cal é o criterio de concesión desta axuda?</i> Concederase segundo a prescrición facultativa do profesional de referencia dos servizos sociais municipais.</li> <li>• <i>En que situacións pode solicitarse a Tarxeta directamente en Cruz Vermella, sen antes acudir a Servizos Sociais municipais? Como sería o proceso?</i></li> </ul>		

		<p>Podería accederse no caso de que non estea de alta na Historia Social Única Electrónica (HSUE) ou en caso de que a traballadora social rexeite solicitala.</p> <p>Está establecida que esta é unha entrada subsidiaria, pois é a opción máis complexa para a persoa que solicita. Se non hai sinatura do traballador ou traballadora social do concello, a persoa que solicite a Tarxeta Básica terá que acreditar a súa situación mediante documentación coma o empadramento ou o certificado negativo de percibir prestacións.</p> <p><b>Esta acreditación de residencia efectiva poderá ser feita mediante unha Declaración Responsable da profesional da entidade do terceiro sector de acción social implicada directamente no proceso de inclusión (ver modelo en anexo)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Quen pode solicitar a Tarxeta Básica?</b> Poden solicitalas as posibles persoas beneficiarias e os/as profesionais de referencia (traballadores/as sociais) dos servizos sociais municipais.</li> <li>• <b>Se o profesional de referencia é o traballador/a social do centro de saúde, non podería solicitalo desde este/a profesional?</b> O traballador/a social do Servizo Galego de Saúde non é o profesional de referencia segundo a normativa, aínda que poida tramitar certos recursos (nomeadamente na área de dependencia)</li> <li>• <b>É posible a derivación desde Servizos Sociais municipais a Cruz Vermella cando non hai alta na Historia Social Única Electrónica (HSUE)?</b> Si. En concellos aínda non conectados a HSUE como Pontevedra ou A Coruña, están a desenvolver protocolo específico para que non se prexudique aos posibles solicitantes.</li> <li>• <b>Existe algún mecanismo de derivación de persoas ás Unidades de Traballo Social dos concellos por parte das entidades sociais?</b> Polo momento non existe un protocolo definido, o que non quita que máis adiante poida facerse, se se apreciase a súa necesidade.</li> </ul>
	<p><b>Xestión</b></p>	<p>Cruz Vermella xestionará as solicitudes recibidas, de xeito que contactará coas persoas adxudicatarias das axudas para acordar o xeito de entrega das tarxetas, que poderá facerse:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Nunha oficina de atención da Cruz Vermella.</li> <li>2. No domicilio da persoa que debe recibir a tarxeta, por calquera medio que deixe constancia da súa entrega efectiva, e que haberá de facerse con todas as garantías de seguridade sanitaria.</li> <li>3. Se fose imprescindible, poderase enviar tamén por correo ordinario.</li> </ol> <p><i>As tarxetas entregaranse precargadas coa cantidade correspondente á unidade de convivencia, no primeiro dos 3 meses de vixencia.</i></p> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Se nalgún concello non hai oficina de Cruz Vermella, as persoas beneficiarias terían que desprazarse a concellos limítrofes ou cidades?</b></li> </ul>

		<p>Non, as tarxetas se entregarían a través de voluntariado que tamén pode ser de apoio para a activación das mesmas ou, incluso, por correo ordinario, de ser necesario.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Se a persoa non está empadroada na vivenda na que reside, como é a xestión con Cruz Vermella para a entrega da Tarxeta Básica?</i> Entrégase por voluntarios/as, que tamén poden axudar á persoa beneficiaria, se é preciso, para a súa activación.</li> <li>• <i>Como se xestiona a protección de datos?</i> As intervencións sociais non requiren do consentimento expreso das persoas usuarias sobre a utilización dos seus datos persoais para atendelas (excepción autorizada pola lei), pero si que as persoas estean informadas. Por iso na solicitude recóllese un epígrafe con esta información.</li> </ul>
	<p><b>Activación da tarxeta</b></p>	<p>No momento da entrega as tarxetas estarán desactivadas. A Cruz Vermella facilitará as instrucións para a activación e mais a axuda técnica ás persoas usuarias que a necesiten, ou realizará a activación posterior das tarxetas e informaráas cando estean operativas.</p> <p>Nos dous meses seguintes, o importe mensual correspondente recargarase na tarxeta de xeito automático.</p> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Ata cando poderá dispoñerse do saldo das tarxetas?</i> Ata o 31 de decembro do 2020.</li> <li>• <i>Unha vez que a persoa activa a Tarxeta, en que momento se recarga?</i> A tarxeta recargase no momento de concesión. Por exemplo: no caso de recibila en setembro, recargaríase nos meses de outubro e novembro.</li> </ul>
<p><b>Obriga das persoas beneficiarias</b></p>		<p>A Cruz Vermella informará ás persoas ás que se lle entreguen as tarxetas da <b>obriga de conservar os tickets ou facturas das compras</b> efectuadas coas mesmas, e de <b>achegalas, no caso de que así lles sexa solicitado por parte da entidade</b>, a efectos de poder comprobar que a natureza dos gastos efectuados se corresponde coa esixida polo programa.</p> <p>No caso de cambio de circunstancias persoais unha vez entregada a tarxeta, non haberá que facer unha comunicación posterior.</p> <p>Preguntas resoltas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Que control vaise facer dos tickets que se teñen que gardar?</i> Recomendase facer fotografía dos tickets de compra, por si houbera desgaste co tempo, pois farase unha auditoría ao 2% das persoas beneficiarias da tarxeta.</li> </ul>
<p><b>Información contacto</b></p>		<p><b>Para información e resolución de dúbidas sobre a posta en marcha da medida, pódese contactar coa D.X. de Inclusión Social no seguinte correo: <a href="mailto:tarxetamoedeiro@xunta.gal">tarxetamoedeiro@xunta.gal</a></b></p> <p>Para a coordinación coa Cruz Vermella, a canle preferente de contacto será a través do correo electrónico, no enderezo <a href="mailto:galicia@cruzroja.es">galicia@cruzroja.es</a> (é conveniente facer constar nas mensaxes a forma de contacto preferida). Tamén poderá contactarse por teléfono, no número <b>981221000</b>, extensións 38323 (Loreto Somoza) ou 38322 (Sandra López).</p>

## Anexo.

### Modelo Declaración Responsable acreditación residencia Tarxeta Básica

Eu, \_\_\_\_\_, con **DNI** \_\_\_\_\_, técnica/o de referencia de dona/don \_\_\_\_\_ con **DNI/NIE/Pasaporte** \_\_\_\_\_, persoa que participa do Programa \_\_\_\_\_ da organización \_\_\_\_\_

#### DECLARO DE XEITO RESPONSABLE:

Que a citada persoa reside no concello de \_\_\_\_\_ nunha situación de vulnerabilidade extrema sen domicilio/fogar estable e acondicionado para a cobertura das necesidades básicas.

Crendo necesario realizar esta declaración para poñer de manifesto a situación de exclusión severa e/ou grave que esta persoa sofre dende o ano \_\_\_\_\_, data da que se ten rexistro da súa aparición e residencia continuada no territorio do citado concello.

Esta declaración realízase aos efectos de cumprir co requirimento de ter residencia efectiva nun concello de Galicia, solicitados polo Programa Tarxeta Básica.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2020

Asinado:

\_\_\_\_\_

Visto bo:

\_\_\_\_\_ como \_\_\_\_\_ (\*)

(\*) (indicar cargo da persoa representante da entidade)